



DON JULIO GONZÁLEZ CASANOVA, SECRETARIO DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

CERTIFICO: Que polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o vinte e nove de xuño de de dous mil dezaioito, adoptou os acordos que se transcriben a continuación no seu tenor literal:

“No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e nove de xuño de dous mil dezaioito, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Ponse de manifesto que segundo a periodicidade establecida, a celebración da sesión correspondería convocala para o xoves. Non obstante, por compromisos da Alcaldía, consensuouse coa portavoz do Grupo Socialista o cambio da celebración da sesión para hoxe venres, agradecendo a flexibilidade no referente ao cambio da data. De conformidade co acordo no seu día adoptado polo Pleno do Concello, coa data 25 de xuño, ditouse resolución no senso da convocatoria da sesión ordinaria para o día 29 de xuño. Engade tamén que quere pedir disculpas por un erro detectado na convocatoria da sesión, na numeración dos asuntos da orde do día, que pasa do núm. 4 ao 6.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de marzo do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de marzo do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO PARA 2017.- Dáse conta ao Pleno, en cumprimento do disposto no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no Real Decreto 500/90, de 20 de abril, da Aprobación da Liquidación do Exercicio Económico de 2017, por Resolución da Alcaldía de vinte e oito de maio do actual.

Da Resolución dáse conta ao Pleno, en cumprimento da lexislación anteriormente citada. De conformidade co establecido, continuarase coa realización dos trámites previstos en orde á aprobación da conta xeral do exercicio.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 5/2018 do estado de gastos do actual exercicio (segundo da competencia do Pleno) polo importe de 145.884,34€, para

atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, consistente en transferencias de créditos, crédito extraordinario e suplemento de crédito. Para a súa financiación empréganse como recursos baixas por anulación parcial doutras aplicacións do orzamento vixente e remanente líquido de tesourería.

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto legislativo 2/2002 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno do Concello, en canto órgano competente. Logo da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, e sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente. Como consecuencia da subvención contemplada para os veciños da parroquia de Cotá para a adquisición á Diócesis de Lugo dunha finca para actividades na parroquia, modifícase o Anexo da Base 13ª das Bases de execución do orzamento aprobado polo Pleno, engadindo a incluída no presente expediente en dito Anexo.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde procedeuse á proclamación do acordo adoptado.

4.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE VILLAFIZ.- Dáse conta ao Pleno do concello do expediente incoado a solicitude de Angel Real Varela, de desafectación de un tramo do camiño na parroquia de Villafiz. Di que actualmente arredor da súa finca “chousa de baixo”, existen dous camiños. Un deles, ten un uso case exclusivamente privativo, xa que se utiliza unicamente para acceder á vivenda que ten na finca e non dá acceso directo a ningunha outra finca do concello de Friol. Engade que os propietarios de outras fincas ubicadas no concello de Lugo acceden ás mesmas desde a estrada LU-2923, case sempre polo camiño que se localiza ao sureste da súa finca, xa que o que atravesa a súa propiedade é menos transitable. Engade que realizará unha mellora no camiño 1, consistente na explanación mellorada de unha plataforma de 5 metros, escavando cunetas a ambos lados e reafirmándoo co aporte de unha capa de 0,2 metros de zorra compactada. Acompaña memoria da desafectación (elaborada polo técnico Don José González Aquino) e copia da escritura de propiedade, solicita que se desafecte o camiño 2 (desde o punto 2 ao 4) de 500 metros de largo e 5 metros de ancho, que ocupa unha superficie de 2.500 m² no concello de Friol. Di que coa mesma se satisface o interese xeral, xa que o concello deixaría de ter a responsabilidade do mantemento dun camiño que ten un uso case privativo, e que non reúne as condicións de seguridade óptimas debido a que o seu trazado, o firme é irregular e está anegado e o concello debería realizar unha inversión para que sexa seguro e funcional.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co número de orde dentro do Inventario 1150, que chega ao límite do termo municipal, continuando no concello de Lugo. O tramo no que se solicita desafección e permuta é de 500 metros aproximadamente.

Á vista do expediente tramitado e dos informes emitidos, o Pleno do Concello, na sesión do 23 de marzo do actual, por oito votos a favor (dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación acordou:

- “Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño citado con anterioridade ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 1150, que discorre entre as parcelas castastrais 2702A36700550000QF e 2702A36700560000QM chegando ao límite do termo municipal e continúa no concello de Lugo, conforme á documentación técnica elaborada polo enxeñeiro técnico forestal José González Aquino, así como do escrito presentado con posterioridade ao trámite de audiencia concedido.
- O expediente no que se procede á desafección do camiño 1150 e mellora do 1151, non pode supor a apertura de novos camiños nin a ampliación dos existentes. Condicionarase ao mantemento íntegro da arquitectura tradicional do entorno, incluíndo a totalidade de muros tradicionais.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación inicial da desafección do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.
- Poñer de manifesto o expediente ao Concello de Lugo, en trámite de audiencia, para que durante o prazo de exposición pública poida presentar as alegacións e documentación ao respecto que estime conveniente.
- Que no caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, a superficie resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada) enaxenarase en canto parcela sobrante, de conformidade co previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, segundo valoración técnica na que se acredite de un xeito fehaciente o seu xustiprezo.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais”.

Coa data 5 de abril, deuse traslado da documentación técnica presentada, así como do acordo adoptado, ao Concello de Lugo, en trámite de audiencia para que no prazo de exposición pública poideran presentar as alegacións e documentación que estimen convenientes. O anuncio de exposición pública, aparece no Boletín Oficial da Provincia núm. 82 de 11 de abril.

No prazo concedido ao efecto, polo Concello de Lugo formúlase oposición á desafección e posterior venda do tramo de camiño, en base aos informes do Negociado de Patrimonio e do Departamento de Topografía. Elo en base a que a cartografía non coincide coa catastral e que se anexiona unha parcela titularidade de ese concello, e que o camiño non figura no catastro, polo que se incurriría na prohibición da apertura de novos camiños, segundo o art. 37 da lei 2/2016 do solo de Galicia. Engade que moitas parcelas do termo municipal de Lugo quedarían sen vía de comunicación pública con acceso á estrada provincial.

Ao respecto da mesma, emítase informe técnico polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que se di que non se comparten parte os argumentos que motivan a oposición do concello de Lugo, xa que o carácter público e a titularidade do concello de Friol do vial queda acreditado por figurar no Inventario de Camiños municipais, aínda que non figure no catastro. Non obstante, sendo unha entidade local colindante, titular de bens e dereitos afectados, a alegación tomarase en consideración, debendo procederse a denegar a desafección e ao arquivo do expediente.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Denegar a desafectación como ben de uso público o tramo do camiño solicitado por don Ángel Real Varela, ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 1150, que discorre entre as parcelas castastrais 2702A36700550000QF e 2702A36700560000QM chegando ao límite do termo municipal e continúa no concello de Lugo, conforme á documentación técnica elaborada polo enxeñeiro técnico forestal José González Aquino.
- Dar traslado do acordo adoptado ao solicitante e ao Concello de Lugo, procedendo á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

A vista do actuado, da documentación obrante no expediente, do disposto na normativa de aplicación e das consideracións ao respecto, e sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións, o Pleno do concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Denegar a desafectación como ben de uso público o tramo do camiño solicitado por don Ángel Real Varela, ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 1150, que discorre entre as parcelas castastrais 2702A36700550000QF e 2702A36700560000QM chegando ao límite do termo municipal e continúa no concello de Lugo, conforme á documentación técnica elaborada polo enxeñeiro técnico forestal José González Aquino.
- Dar traslado do acordo adoptado ao solicitante e ao Concello de Lugo, procedendo á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Unha vez que se procede á votación, no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde procedeuse á proclamación do acordo adoptado.

5.- ACORDO XUNTA DE GOBERNO SOBRE O SERVIZO DE CORREOS EN FRIOL. - Seguidamente sométese á consideración do Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión de 16 de abril do actual, que a continuación se transcribe:

“O servizo postal público, deficitario en boa parte do territorio, tamén en Friol especialmente en ámbitos non urbáns, depende de Correos, que viu recortada a súa financiación presupostaria pola prestación do Servizo Postal Universal un 66% (120 millóns) en 2017. O proxecto de PGE para 2018 volve a recortar a coantía nun tercio, á espera do peche do debate presupostario. Ademais, o Estado adeuda por este concepto á empresa postal pública máis de 25 millóns de euros correspondentes aos exercicios dos últimos anos.

Os perxudicados están sendo, en primeiro lugar, os cidadáns e empresas de zonas rurais, entornos diseminados poblacionalmente ou polígonos industriais, ámbitos nos que o servizo prestado por Correos está experimentando un deterioro considerable, con medidas extremas como a supresión do servizo.

Neste sentido, e a consecuencia da redución dos medios de financiación con que conta Correos para a prestación do servizo público, a empresa recortou 15.000 empregos dende 2010, 120 na provincia de Lugo, que ademais de provocar o empeoramento do servizo postal supón máis desemprego para a nosa provincia.

O recorte dos servizos prestados aos cidadáns, especialmente en localidades como Friol, implica a desaparición ou recorte do reparto domiciliario de correspondencia, peche de oficinas en zonas rurais ou de escasa poboación, redución de horarios de atención ao público, concretamente en Friol reduciuse nunha hora a atención ao público, pasando de ser de 8.30 a 10.30 ao actual de 9.00 a 10.00 horas o supresión de postos de ámbito rural que actualmente prestan servizo en miles de núcleos de poboación, que se verán privados dun acceso mínimo aos servizos postales.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O recorte afectará a máis de 16 millóns de cidadáns de medianas e pequenas poboacións. En Friol, o axuste poderá implicar: 2 carteiros suprimidos, as parroquias de Anafreita, Anxeriz, Brá, Carlín, Cotá, Guimarei, Guldriz, Lamas, Lea, Madelos, Miraz, Narla, Nodar, Ousá, Pacio, Prado, Ramelle, Rocha, Roimil, San Cibrao da Pregación, San Martiño de Condes, Santalla de Devesa, Seixón, Seoane, Serén, Silvela, Trasmonte, Villalvíte, Villafiz e Xiá sin reparto regular, 3050 cidadáns afectados pola perda ou debilitamento do servizo postal e 300 kms de reparto recortado.

A todo elo hai que sumar a advertencia dos sindicatos de Correos do inicio dun proceso de mobilizacións e dun conflito laboral aberto en caso de non correxirse o recorte de financiación e emprego, motivo engadido de preocupación e de incertidume.

Por todo elo e a proposta do Sr. Alcalde, á Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** adoptar o seguinte acordo:

- Manifestar o rexeitamento ante un recorte de financiación que afectará a calquera localidade pero de forma especial a poboacións de ámbito rural e zonas non rentables economicamente, implicando unha desigualdade, manifesta respecto a ámbitos urbáns e grandes centros de poboación.
- Instar ao Goberno, como máximo responsable na determinación de recursos destinados a garantir o servizo de correos á cidadanía, a correxir, no trámite parlamentario dos Presupostos Xerais do Estado para 2018 un recorte que está tendo consecuencias claramente negativas para a cidadanía, para correos e para os seus traballadores e traballadoras. Asimismo esiximos a restitución dos 120 millóns de € recortados en PGE 2017 para garantir a prestación do Servizo Postal Universal e viabilidade da empresa pública.
- Instar ao Ministerio de Facenda, como propietario de Correos, á aprobación do Plan Estratéxico que permita a súa adaptación empresarial ás necesidades de demanda da cidadanía, e a garantir a plantilla suficiente para a prestación axeitada do servizo.
- Desbloquear o Convenio Colectivo e acordo funcional, bloqueado dende hai máis de 4 anos da mior empresa pública do noso país con casi 60 mil traballadores.
- Instar ao conxunto de grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais a impulsar as iniciativas necesarias para facer posible a devantita rectificación.
- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos".

Á vista do actúado, e sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do acordo adoptado ao respecto pola Xunta de Goberno Local, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado

6.- OBRADOIRO DE EMPREGO CUMES DA TERRA CHA III.- Vista a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 4 de maio do actual, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duales de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (D.O.G. núm. 97, de 23 de maio) .

Visto o proxecto formativo redactado ao efecto, baixo a denominación de "**CUMES DA TERRA CHA III**" a realizar conxuntamente entre os concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Revestimento con pezas ríxidas por adherencia en construción", "Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización" e "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería", cun total de 20 alumnos-traballadores e unha duración de 9 meses.

Visto que, polo que corresponde ao Concello de Friol comprende as actuacións incluídas no "ANTEPROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE BEIRARRRÚAS NA ESTRADA LU-231", (3ª fase) e na memoria valorada de "MANTEMENTO DE ÁREAS VERDES NA ZONA URBANA DA LOCALIDADE DE FRIOL", documentacións técnicas asinadas polo arquitecto Arquitecto Técnico Don Fernando Álvarez Álvarez.

Visto que coa data 21 de xuño do actual asinouse o oportuno Convenio de Colaboración entre os Concellos de Begonte, Rábade e Friol, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego denominado "**CUMES DA TERRA CHA III**".

Á vista do proxecto formativo redactado ao efecto, do disposto na orde reguladora e na normativa de aplicación, así como das consideracións postas de manifesto ao respecto, considerando a importancia das actuacións a realizar, tanto polo que fai referencia ás obras a executar con ocasión do funcionamento do Obradoiro de Emprego, como no referente á formación dos traballadores, activando o desenvolvemento dos concellos, estímase procedente a formalización de convenio cos concellos de Rábade e Begonte, en orde a participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, continuando polo tanto á aprobación das actuacións , en orde á tramitación da devandita solicitude ao abeiro da orde de referencia.

Segundo o acordo adoptado polo Pleno, na sesión celebrada o 26 de xuño de 2015, delegouse na Xunta de Goberno a solicitude de calquera tipo de axuda e subvención. Non obstante, á vista do prazo establecido na orde reguladora e da tramitación a realizar, en orde á unha maior celeridade, estímase procedente a avocación da competencia para este caso concreto, de conformidade co establecido no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Todo elo, sen prexuízo e dar conta do actuado, ao Pleno do Concello, á vista do disposto na lexislación vixente e aos efectos oportunos, do mesmo xeito que se fixo en anualidades anteriores.

Á vista do exposto, pola Alcaldía coa data 22 de xuño do actual, ditouse a resolución pola que:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego “ **CUMES DA TERRA CHA III**”, a desenvolver conxuntamente nos Concellos de Begonte, Rábade e Friol.

SEGUNDO.- Polo que respecta ao concello de Friol prestar aprobación ás actuacións concretas a desenvolver no municipio ao abeiro do devandito obradoiro de emprego denominada “ANTEPROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE BEIRARRRÚAS NA ESTRADA LU 231 (3ª FASE)” e “MANTEMENTO DE ÁREAS VERDES NA ZONA URBANA DA LOCALIDADE DE FRIOL” segundo documentacións técnicas asinadas polo arquitecto Arquitecto Técnico Don Fernando Álvarez Álvarez. Ao respecto das mesmas, declarar a titularidade xurídica pública dos obxectos das actuacións e a dispoñibilidade legal para a execución das devanditas obras previstas no proxecto. Declarar así mesmo a tramitación das autorizacións administrativas esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto.

TERCEIRO.- Comprometerse o Concello de Friol, a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe nos presupostos da entidade polo importe de 25.000 €.

CUARTO.- Delegar no Concello de Begonte para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo, do Obradoiro de Emprego **CUMES DA TERRA CHA III**, ao abeiro do disposto na orde de 4 de maio do actual.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos.

Á vista do actuado, proponse ao Pleno a ratificación do disposto na Resolución da Alcaldía de 22 de xuño do actual, pola que se aproba a solicitude conxunta polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, autorizando ao concello de Begonte para as actuacións previstas na solicitude.

Á vista do anteriormente exposto, sen polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do disposto na resolución da Alcaldía de 22 de xuño do actual, pola que se aproba o proxecto do Obradoiro de Emprego CUMES DA TERRA CHA III, a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, autorizando ao concello de Begonte para as actuacións previstas na solicitude de programa integrado de emprego.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

7.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas nos meses de xaneiro a marzo do actual.

8.- INFORMES DA ALCALDÍA.- Polo Sr. Alcalde dáse conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, que a continuación se transcriben, sen que polos señores concelleiros se plantexe ningunha cuestión ao respecto:

- SUBVENCIONS SERVIZOS SOCIAIS. - Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012 do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (D.O.G. 30 de marzo de 2012).

Á vista do disposto no Decreto de referencia e das memorias elaboradas polos servizos sociais do Concello, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (tres votos a favor) **ACORDA:**

1. Que a prestación dos servizos sociais establecidos continúen nas mesmas condicións que no ano 2017, estándose na data actual co proceso selectivo para a contratación doutro Traballador Social, para a Agrupación Friol-Guntín, que prestará os servizos no Concello de Guntín.
2. Aprobado a solicitude de subvención para o devandito servizo polos conceptos que se indican a continuación:

PERSOAL (traballador social)

Axuda solicitada á Consellería : 21.859,77 €

Aportación municipal : 33.597,68 €

Remanente : 11.810,23 €

Total : 67.267,68 €

Aporte Concello de Guntín : 16.798,84 €

AXUDA NO FOGAR (Dependencia)

Horas previstas : 26856

Subvención : 260.503,20 €

Prezo/hora: 9.70 €

Horas laborais previstas : 26372

Horas festivas previstas : 484

AXUDA FOGAR (libre concurrencia)

Horas laborais expresa externa : 2400

14.46€

34.704,00€

Custe auxiliares propias: 400

16.50€

6.600,00€

	Solicitude	Aporte Friol	Aporte Guntín	Remanente	Total
Custe laboral un traballador social	16.915,00	8.399,42	8.399,42	0	33.613,84
Custe laboral segundo traballador social	5.044,77	8.399,42	8.399,42	11.810,23	33.653,84
Total	21.859,77	16.798,84	18.798,84	11.810,23	67.267,68

	Número	Prezo hora	total
Horas dependencia laborais	26.372,00	12.41	327.276,52
Horas dependencia festivos	484.00	12.46	6.030,64
Total	26.856		333.307,16
	2238 horas/mes		

	Número	Prezo hora	Total
Horas libre concurrencia empresa externa	2400	14.46	34.704,00
Horas libre concurrencia laborais persoal apoio	400	16.50	6.600,00
			41.304,00

3. Comprometerse a aportar dos seus propios presupostos as cantidades anteriormente incluídas e para os conceptos que se sinalan.

4. Facultar ao Sr. Alcalde Presidente, para que en nome e representación do Concello, realice as xestións que sexan oportunas e asinar a documentación precisa para a efectividade deste acordo.
5. Dar traslado do presente acordo á Consellería competente en materia de Servizos Sociais aos efectos oportunos.
6. Dar conta ao Pleno do Concello, en cumprimento do disposto no Decreto 99/2012 de 16 de marzo."

.- PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local, do expediente incoado en relación co disposto polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e no Real Decreto 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no programa operativo FEDER de crecemento sostible 2017/2020, publicado no BOE núm 144 de 17 de xuño de 2017.

Á vista da documentación obrante no expediente a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 17 de xullo de 2017 adoptou o acordo de acollerse á convocatoria, coa participación e aceptación expresa, de conformidade co estipulado e conforme se recolle no acordo de referencia, aprobando a actuación denominada AUDITORÍA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR, co obxectivo de mellorar a eficiencia e o aforro enerxético de estas instalacións, adecuar e adaptar ás instalacións á normativa vixente e limitar o resplandor luminoso e a súa contaminación acústica, nos seguintes lugares: cadro de Campo da Torre, cadro de Avenida de Lugo, cadro xunto á Renault e cadro en rúa do Carballal. Todo elo, segundo a documentación técnica elaborada por don Nicanor Piñeiro Sampedro, na que se describen os custes das actuacións, incluíndo os gastos de enxeñería, así como os consumos antes e despois das actuacións proxectadas, os aforros directos asociados ás mesmas e a redución de emisións de CO2 que se conseguirían coas mesmas.

Coa data 24 de maio do actual, polo Instituto para a diversificación e aforro de enerxía – IDEA, requírese a subsanación de documentación presentada, en orde a subsanación de defectos u omisións que se expresan no requerimento.

Á vista da documentación obrante no expediente, actuando a Xunta de Goberno en virtude das competencias delegadas que se recollen no acordo do Pleno na sesión celebrada o 26 de xuño de 2015, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (tres votos a favor) **ACORDA:**

- A participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.
- A aprobación da actuación que compón o proxecto singular para a que se solicita subvención denominada AUDITORÍA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR, no que se inclúe a memoria descriptiva das actuacións a acometer e que conforman o proxecto singular. Todo elo co obxectivo de mellorar a eficiencia e o aforro enerxético de estas instalacións, adecuar e adaptar ás instalacións á normativa vixente e limitar o resplandor luminoso e a súa contaminación acústica, nos seguintes lugares:
 - Cadro de Campo da Torre no núcleo de Friol.
 - Cadro de Avenida de Lugo no núcleo de Friol
 - Cadro xunto á Renault no núcleo de Friol.
 - Cadro en rúa do Carballal no núcleo de Friol
 - Os custes totais das actuacións incluídas, ascenden a 121.000,02€, cos seguintes desgloses:
 - Orzamentos de contrata, por un total de 92.521,31 € máis 19.429,48€ de iva o que fai un total de 111.950,79 €
 - Gastos de enxeñería, por un total de 9.049,23€ máis o iva de 1.870,53 € o que fai un total de 9.049,23 €.
- Reiterar o compromiso de disposición de crédito suficiente para levar a dotación presupostaria para levar a cabo a mesma, no caso de que resulte seleccionado na convocatoria, para a que se habilitará crédito na conseguinte aplicación orzamentaria, no caso de obtención da cofinanciación FEDER para levala a cabo, e que así se certifique pola Intervención do Concello en canto unidade administrativa que exerce ditas funcións.
- Facultar ao Sr. Alcalde, ou persoa en quen delegue, para que asine a documentación pertinente e realice as xestións oportunas, en orde á efectividade do presente acordo"

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A Concelleira Sra. Martínez Martínez, pasa a formular unhas cuestións sobre a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ao respecto pon de manifesto que:

O Concello de Friol aprobou inicialmente o PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) no ano 2013 (concretamente o 23 de abril de 2013), é dicir fai 5 anos e 2 meses. Máis de 5 anos nos que non se teñen resolto as alegacións presentadas polos diferentes interesados, nin aprobado definitivamente o PXOM.

Esta norma, con afectación á totalidade do municipio e a practicamente, por non decir todos, os veciños e veciñas, ten un importante impacto na vida da xente, das parroquias e da propia vila.

Dende que se aproba o PXOM son moitas as parcelas e, polo tanto, propietarios que fican na incertidumbre de saber se poderán, ou non, facer no seu terreo; se poderán edificar unha casa, que dimensións poderá ter; se poderán facer unha edificación para un negocio...

Onde contemple modificacións respecto das normas subsidiarias vixentes suspéndese a tramitación de licenzas, polo que, aquel que queira desenvolver unha edificación en eses lugares vese imposibilitado para facelo e en Friol leva, nada máis e nada menos, ca 5 anos nesa situación.

No Concello de Friol, na lexislatura pasada, tíñase constituído unha comisión de seguimento do PXOM que aportase fluidez política á tramitación do mesmo. Durante esta lexislatura non a ten convocado nin unha soa vez nin se coñece avance algún no PXOM.

Estamos no mes de xuño, e pese a anunciar que o orzamente deste ano contiña, entre outras, a dotación económica para a aprobación definitiva do PXOM, non se ten abordado o asunto. Por elo, dende o Grupo Municipal Socialista formulamos as seguintes PREGUNTAS:

- Están valoradas tecnicamente e informadas as alegacións presentadas polo interesados durante o período de exposición pública?
- Ten previsto alguna data o alcalde para someter a aprobación definitiva o PXOM de Friol?.

Ao abeiro do mesmo asunto queremos formular tamén os seguintes ROGOS:

- Que para o vindeiro pleno ordinario, de non poder ser antes, se teña elaborada a documentación e recabados os informes necesarios para poder elevar a pleno a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Friol.
- De non producirse tal feito que se informe detalladamente das circunstancias que o teñen impedido.
- Que se convoque de inmediato a comisión de seguimento do PXOM na que se dea sucinta conta da situación da tramitación do mesmo en xeral e, en concreto, das alegacións presentadas.

Tamén pregunta a concelleira Sra. Martínez Martínez, se ten previsto algunha actuación en relación cos contenedores xunto do supermercado, na rúa Deputación, que seguen sendo insuficientes.

O concelleiro Sr. Barreiro Villar pregunta polo arranxo da pista da Carballeira a Macedo, os veciños non entenden o mesmo, xa que a pala retirou o firme que deixou acumulado ao lado da casa de Florindo e trouxo acopio de terra.

Seguidamente polo Sr. Alcalde, pásase a dar resposta ás cuestións formuladas. En relación co arranxo da pista á que fai referencia o Sr. Barreiro, o Alcalde pregunta

ao concelleiro de obras Sr. Cortiña. Este responde que pensa que xa está rematada. De todas formas verase o tema, e se hai algo algunha cuestión pendente, darase solución.

En relación coa aprobación do Plan Xeral, o Alcalde responde que as alegacións xa están informadas. O que se está é pendente de informes sectoriais. Unha vez que se obteñan os mesmos, e se incorporen á documentación do plan, coas modificacións que no seu caso resulten dos mesmos, convocarase de inmediato, xa que a Alcaldía espera pechar a lexislatura coa súa aprobación. Despois de matizar o prazo da suspensión da tramitación de licenzas, conclúese que na seguinte sesión do pleno, darase conta das actuacións ao respecto, reiterando que a súa intención é que estea aprobado no que queda de lexislatura.

En relación co tema dos contenedores xunto do supermercado, di o Alcalde que se mirará o tema e intentarase darlle solución.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.”

E para que conste e coa salvedade prevista no art. 206 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, e remitir á **ILMA. SRA. SUBDELEGADA DO GOBERNO**, en cumprimento e efectos do disposto no artº. 56 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expido o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Friol, a once de xullo de dous mil dezaioito.

Vº e Pº
O ALCALDE,